

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 17 DE XANEIRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Proxecto de Lei de fomento da investigación e a innovación de Galicia.

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se nomea a María Nava Castro Domínguez secretaria xeral para o Turismo.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se dispón que cese Carlos Enrique Rodríguez Sánchez como director xeral de Tributos.
- Decreto polo que se dispón que se nomea a Ulpiano L. Villanueva Rodríguez director xeral da Axencia Tributaria de Galicia.
- Decreto polo que se nomea a Ana María Cores González directora xeral de Proxectos e Fondos Europeos.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos afectados polas obras de colectores xerais e estación depuradora de augas residuais en Gandarío, no termo municipal de Bergondo (A Coruña).

- Decreto de aprobación definitiva da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do concello de San Sadurniño (A Coruña) para a delimitación do núcleo rural da Esperanza.
- Decreto de aprobación definitiva da modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal do concello de Vilamarín, no núcleo rural de Delvezón.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se crea o Consello Galego do Traballo Autónomo e se regula a súa composición e funcionamento.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a cesión gratuíta ao Concello de Ourense de parcelas segregadas de inmobles da rúa Vilar na zona histórica de Ourense. Expediente OU-2006/CH 01.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a aprobación dos plans de investimentos 2012-2015 das instaladoras de enerxía eléctrica de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o desenvolvemento do programa de detección do cancro colorrectal. Experiencia piloto na Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol.
- Informe de situación das listas de espera.

PRESIDENCIA DA XUNTA

SECRETARIA XERAL PARA O TURISMO

M^a Nava Castro Domínguez

Licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidad Complutense de Madrid, conta con diversos Máster sobre Estudos Turísticos (IUSC. Centro de Estudios Superiores); Emigración e Retorno (Universidade de Vigo), en Axentes de Desenvolvemento Económico e Xestión de Programas (Universidade de Vigo), en Xestión e Dirección de Pemes (Universidade de Vigo), e en Intervención e Xestión de Servizos Sociais (Universidade da Coruña- Fundación Española de Estudos Sociais).

-En maio de 2009 foi nomeada directora xeral de Comercio, posto que ocupou ata a setembro de 2012.

-Desde 2003 foi concelleira de Servizos Sociais e tenente de alcalde do Concello de Ponteareas (Pontevedra), onde en 2007 asumiu ademais en 2007 a concellería de Economía e Facenda.

-De 2003 a 2006 foi responsable do Centro Europeo de Información e Animación rural (Carrefour de Galicia), posto que tamén ocupou entre 1998 e 2000 e entre 1995 e 1998.

-Entre 2000 e 2003 foi alcaldesa do Concello de Ponteareas.

-De 1999 a 2000 foi concelleira de Servizos Sociais do Concello de Ponteareas

-Desde 1998 e ata 2000 foi responsable do Centro Europeo de Información e Animación (Carrefour de Galicia)

-Entre xullo e decembro de 1998 foi deputada no Parlamento de Galicia.

-Entre marzo de 2008 e maio de 2009 foi deputada no Congreso dos Deputados

A XUNTA RATIFICA O PROXECTO DE LEI DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN PARA AVANZAR CARA A UN NOVO MODELO ECONÓMICO

- ***A norma dota a Galicia dun contexto máis favorable para a colaboración entre as administracións públicas e as entidades privadas***
- ***Incorpórase a valorización e a transferencia de resultados da investigación á empresa, para que o investimento público reverta na sociedade mellorando o comportamento do sistema produtivo***

O Consello da Xunta de Galicia ratificou esta mañá o proxecto de Lei de fomento da investigación e a innovación de Galicia, que será remitido de inmediato ao Parlamento de Galicia para o seu debate e aprobación. Este texto legal, que xa foi aprobado polo Goberno galego no pasado mes de xuño, non culminou o seu trámite parlamentario antes do remate da pasada legislatura, polo que tivo que obter de novo o visto e prace do Consello da Xunta.

O obxectivo da nova norma, elaborada pola Consellería de Economía e Industria, é dotar a Comunidade Autónoma do contexto máis favorable para a colaboración entre as administracións públicas e as entidades privadas, especialmente as empresas, na xeración de riqueza e emprego de calidade a través dos resultados obtidos da I+D+i. Está centrada en acelerar o cambio cultural na empresa galega e a transformación do modelo produtivo, no cal a innovación ten que converterse nunha das principais vantaxes competitivas da economía galega, tanto no mercado nacional como internacional.

Neste sentido, destaca como novidade a incorporación da valorización e a transferencia de resultados de investigación á empresa, para que o investimento público reverta directamente na sociedade e lles permita seguir avanzando ás universidades, centros de investigación e ás empresas.

Así, no texto recóllese a necesidade de que os centros de coñecemento e, en particular, a universidade, fagan plenamente compatible o reto de optimizar a excelencia científica da súa investigación básica co esforzo de manter unha colaboración estreita e permanente coa empresa privada.

A nova lei, que chega despois de vinte anos de vixencia da anterior norma, foi consensuada pola Xunta cos diferentes axentes do Sistema galego de innovación e dá cabida aos cambios normativos producidos recentemente tanto no ámbito galego como no estatal, así como ás recomendacións e escenarios propostos desde a Unión Europea.

A norma modifica tamén a estrutura orgánica da Xunta para dar cabida á nova Axencia Galega de Innovación adscrita á Consellería de Economía e Industria, que xestiona o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (i2C) 2011-2015. Precisamente, a lei

incide neste plan, enfocado a estimular e impulsar a innovación empresarial, como o instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia, detallando a súa estrutura mínima en canto a obxectivos e contidos, así como a súa elaboración, xestión e seguimento, ademais dos requirimentos de financiamento e actualización.

Implicación de todos os axentes

Para facilitar a implicación dos diferentes axentes do sistema dun xeito organizado e dinámico, o proxecto de Lei prevé a creación do Consello Asesor en Investigación e Innovación de Galicia como órgano colexiado de participación.

Tamén se establece a posta en marcha do Rexistro de Axentes do Sistema Galego de Investigación e Innovación, que terá como función apoiar a catalogación e seguimento dos axentes galegos implicados na xeración, difusión e valorización de coñecemento.

A lei recolle tamén o Observatorio Galego de Innovación, para agrupar e integrar toda a actividade investigadora e innovadora xestionada con fondos públicos, converténdose na ferramenta principal de avaliación e retroalimentación continua das políticas públicas de innovación desenvolvidas en Galicia. Ademais, farase cargo da monitorización da actividade innovadora do conxunto do Sistema galego de innovación e das diferentes ramas de actividade económica da Comunidade.

A XUNTA NOMEA DIRECTOR DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA A ULPIANO VILLANUEVA E DIRECTORA XERAL DE PROXECTOS E FONDOS EUROPEOS A ANA CORES

- *Ulpiano Villanueva ocupaba o cargo de xefe do gabinete da Consellería de Facenda*
- *Ana Cores ocupaba a xefatura do servizo responsable de auditar o Programa Feder*

O Consello da Xunta aprobou hoxe os nomeamentos de Ulpiano L. Villanueva Rodríguez como director xeral da Axencia Tributaria de Galicia, que ata o momento era o xefe do gabinete da Consellería de Facenda; e como directora xeral de Proxectos e Fondos Europeos a Ana María Cores González, que ocupaba a xefatura do servizo responsable de auditar o Programa Feder.

Ulpiano Villanueva Rodríguez (1971), é licenciado en Dereito e Ciencias Económicas e Empresariais por ICADE (Universidade Pontificia de Comillas). Pertence desde o ano 2001 á Escala Superior de Finanzas da Xunta de Galicia, na Especialidade de Intervención e Inspección e Xestión Financeira e Tributaria.

Ademais, ten o Diploma de experto en auditoría e contabilidade pola Universidade de Valencia, o Diploma de directivo e está inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas. Na súa traxectoria desempeñou, entre outros cargos, o de interventor delegado na Consellería de Pesca, subdirector xeral de Fiscalización e Control Interno, subdirector xeral de Control Orzamentario do Gasto, secretario xeral do Consello de Contas de Galicia e xefe de gabinete da Consellería de Facenda.

Pola súa banda, Ana María Cores González (1971) é licenciada en Ciencias Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela. Pertence desde 2001 á Escala Técnica de Finanzas da Xunta de Galicia, na especialidade técnica de Contabilidade e Intervención, e técnica de Inspección e Xestión Financeira e Tributaria.

Desenvolveu toda a súa carreira profesional na actual Subdirección Xeral de Auditoría de Fondos Comunitarios e Subvencións, dependente da Intervención Xeral, auditando o Feder, o IFOP e o FEP nos períodos de programación 2000-2006 e 2007-2013.

Ata o momento ocupaba a xefatura do servizo responsable de auditar o Feder. Nese posto participou no deseño e desenvolvemento da metodoloxía auditora de fondos europeos empregada pola Intervención Xeral durante o período de programación 2007-2013.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O INICIO DA EXPROPIACIÓN DOS BENS NECESARIOS PARA LEVAR A CABO A DEPURADORA DE GANDARÍO, COA QUE SE EVITARÁN VERTEDEURAS Á RÍA DE BETANZOS

- ***Con esta actuación soluciónase a carencia de infraestruturas de tratamento de augas residuais e saneamento da bacía vertente de Gandarío e das verteduras que se envían directamente á ría de Betanzos sen depuración ningunha***
- ***A obra, que realiza o departamento que dirixe Agustín Hernández, ten un orzamento de máis de 4,2 millóns de euros e está nestes momentos en fase de licitación***
- ***O proxecto inclúe unha rede de colectores de máis de catro quilómetros de lonxitude e tres estacións de bombeo***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de colectores xerais e estación depuradora de augas residuais (EDAR) en Gandarío, no termo coruñés de Bergondo.

A obra, que realiza o departamento que dirixe Agustín Hernández, ten un orzamento de máis de 4,2 millóns de euros e está nestes momentos no trámite de licitación.

No acordo subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, e o Concello de Bergondo, dispónse que a xestión da expropiación a levará a cabo a Consellería, e o concello coruñés será o beneficiario da expropiación e ocuparase do custo das expropiacións.

Con esta actuación solucionarase a carencia de infraestruturas de tratamento de augas residuais e saneamento da bacía vertente de Gandarío e das verteduras que se envían directamente á ría de Betanzos sen depuración ningunha. Así mesmo, asegúrase a recollida das augas residuais da poboación, coa construción dunha planta depuradora de augas residuais, para o seu tratamento antes de seren vertidas ao mar.

Situación actual

Na actualidade, o municipio conta con tres depuradoras de augas residuais que, xunto a diversas redes de colectores, atenden ás verteduras domésticas do 80 % da poboación residente estable, pero isto non ocorre na zona de Gandarío que, a día de hoxe, carece de saneamento.

A situación complícase ao existir un contorno de praia, cunha ocupación masiva no verán e con verteduras de orixe fecal que derivan directamente á ría de Betanzos, polo que se fai necesario poñer unha solución que arranxe os problemas de insalubridade pública e de contaminación ambiental que existen na zona.

Por isto, considérase xustificada a urxente ocupación dos terreos, bens e dereitos precisos para a execución das obras, xa que é inaprazable dar unha solución, coa máxima eficiencia, aos problemas de contaminación derivados da existencia real dun gran volume de verteduras de augas residuais cun tratamento insuficiente, cos conseguintes danos e prexuízos ambientais que esta situación produce.

EDAR e colectores

A solución proposta consiste na construción dunha estación depuradora con tratamento biolóxico e con desinfección final por raios UV para uns 6.000 habitantes. Contará cunha liña de auga en que se levarán a cabo procesos de pretratamento con desareado e desinfección e outra liña de fangos na cal se executarán o espesamento por gravidade e a deshidratación por centrífuga.

O proxecto inclúe unha rede de colectores de 4.340 metros de lonxitude en PVC e con diámetros de 315 e 400 mm. A rede tamén contará con 124 pozos de rexistro.

Esta mellora do saneamento tamén prevé a instalación de tres bombeos, en formigón armado, con bombas centrífugas somerxibles, aliviadoiro, cestón de grosos, control automatizado de sensores de nivel e boias de nivel de seguridade, e arqueta anexa para válvulas de retención e comporta. Cada bombeo contará con dúas bombas e unha impulsión, en total executaranse 531 metros de impulsión.

Plan hidrolóxico Galicia-Costa

As obras de saneamento do Concello de Bergondo aparecen recollidas no Plan hidrolóxico Galicia-Costa, como obra hidráulica de interese da Comunidade Autónoma de Galicia. Así, no ano 2011, o Servizo Territorial da Consellería de Medio Ambiente na Coruña formulou o preceptivo ditame de incidencia ambiental nun sentido favorable á viabilidade e necesidade ambiental das obras, polo que no mes de agosto se publicou no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a resolución pola que se somete a información pública o anteproxecto desta obra, a autorización de vertedura, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados necesarios para a súa execución.

No segundo semestre de 2012, o departamento que dirixe Agustín Hernández, Augas de Galicia e o municipio coruñés asinaron un convenio de colaboración co obxecto de regular o réxime de cooperación entre estas administracións na execución das obras, tendo en conta os beneficios que derivan tanto para os habitantes da zona como para o contorno natural.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE DECLARA NÚCLEO RURAL COMÚN O LUGAR DA DA ESPERANZA, NO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO


- ***O ámbito obxecto da modificación abrangue unha superficie de máis de 40.000 m² que estaban clasificados ata o de agora como solo non urbanizable, nas categorías de réxime normal e agropecuario***
- ***A modificación conta co informe previo favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia e permitirá o desenvolvemento ordenado deste núcleo tradicional***
- ***Na actualidade o Concello de San Sadurniño réxese por unhas normas subsidiarias de planeamento municipal***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Decreto de aprobación definitiva da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de San Sadurniño para a delimitación do lugar da Esperanza como núcleo rural común, no canto da súa clasificación actual como solo non urbanizable nas categorías de réxime normal e agropecuario.

Esta modificación, aprobada hoxe polo Consello da Xunta, que ten por obxecto recoñecer como núcleo rural común o núcleo da Esperanza, que non está recollida como tal nas normas subsidiarias de planeamento vixentes neste concello da provincia da Coruña.

Despois de seguir a tramitación regulamentaria, confírmase que as razóns de interese público da modificación fundaméntanse na adaptación do planeamento á realidade mediante o recoñecemento do núcleo existente.

Os terreos do ámbito de 41.755 m² encóntranse clasificados actualmente como solo non urbanizable, nas categorías de réxime normal e agropecuario. Nas proximidades existe unha capela, un



curso de auga e 8 edificacións principais, das cales 5 son tradicionais.

Trátase dun asentamento tradicional de poboación cun grao de consolidación edificatoria do 34,14%, polo tanto superior ao exixido (no Decreto 189/2003 exíxese un 33,33%).

Esta modificación conta co informe previo favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia e permitirá o desenvolvemento ordenado deste núcleo tradicional.

Na actualidade o Concello de San Sadurniño réxese por unhas normas subsidiarias de planeamento municipal aprobadas en marzo de 1992.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE VILAMARÍN, NO NÚCLEO RURAL DE DELVEZÓN

- ***O obxecto da modificación puntual é a redelimitación do núcleo rural, adaptándoo ao parcelario e ás pegadas físicas do territorio, incluíndo as áreas máis axeitadas para a edificación***
- ***O ámbito de actuación afecta 19.182 m² de solo de núcleo rural de Delvezón e a 828 m² de solo rústico de protección agropecuaria***

O Consello da Xunta informou na súa reunión de hoxe da aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Vilamarín (Ourense), no núcleo rural da Delvezón. O Concello de Vilamarín dispón dun plan xeral de ordenación municipal (PXOM), aprobado definitivamente o 30 de setembro de 2002.

O obxecto da modificación puntual é a redelimitación do núcleo rural, adaptándoo ao parcelario e ás pegadas físicas do territorio, incluíndo as áreas máis axeitadas para a edificación. O ámbito de actuación afecta a 19.182 m² de solo de núcleo rural de Delvezón e 828 m² de solo rústico de protección agropecuaria.

Cómpre sinalar que é competencia do Consello da Xunta a aprobación definitiva deste expediente, de conformidade co establecido no artigo 95.4 da LOUGA, que vén determinar que lle corresponde ao máximo órgano de Goberno da Comunidade Autónoma a aprobación definitiva da modificación do planeamento que teña por obxecto a reclasificación de solo rústico de especial protección.

Tramitación

O Concello de Vilamarín, tal e como se citou anteriormente, dispón dun plan xeral de ordenación municipal, aprobado definitivamente o 30 de setembro de 2002. En decembro de 2010 a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe previo á aprobación inicial. En xuño de 2011 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental ratificou a declaración do 30 de agosto de 2010 de non necesidade de sometemento ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

Constan informes municipais técnico e xurídico, do 18 de xullo de 2011, favorables respecto da conformidade da proposta coa lexislación vixente e da calidade técnica da ordenación proxectada. En setembro de 2011 a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu novo informe previo á aprobación inicial da nova proposta corrixida. Durante a exposición pública non se presentou ningunha alegación e constan informes favorables de: Unión Fenosa Distribución, Subdirección Xeral de Infraestruturas, Normativa Técnica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ou da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

A XUNTA APROBA O DECRETO DO CONSELLO GALEGO DO TRABALLO AUTÓNOMO QUE SE CONSTITUIRÁ NESTE TRIMESTRE

- ***O Goberno autonómico coñecerá de primeira man as inquedanzas, opinións e suxestións das asociacións profesionais que representan a gran maioría dos traballadores autónomos***
- ***Coa creación do Consello Galego do Traballo Autónomo culminará todo o proceso normativo da Comunidade de desenvolvemento do Estatuto do traballo autónomo***
- ***Este órgano outorgará ás asociacións profesionais representativas unha posición xurídica singular para actuar en representación dos traballadores autónomos***
- ***Trátase dunha antiga reivindicación do movemento asociativo dos autónomos galegos***
- ***A Consellería de Traballo e Benestar reforza este ano a súa aposta polo emprendemento destinando no orzamento 25 millóns de euros, un un por cento máis que en 2012***

O Consello Galego do Traballo Autónomo constituirase no primeiro trimestre de 2013, unha vez que o Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea este órgano consultivo do Goberno de Galicia para as materias que afecten os traballadores autónomos. O decreto, ademais, regula a súa composición e funcionamento.

Coa creación do Consello Galego do Traballo Autónomo culmina todo o proceso normativo da Comunidade de desenvolvemento do Estatuto do traballo autónomo, o que constitúe o cumprimento dunha reivindicación do movemento asociativo dos autónomos galegos.

O Consello estará composto por 20 membros: a Presidencia, a Vicepresidencia e 18 vogais, dos que haberá 4 en representación da Administración autonómica, un da Administración do Estado, un da Administración local, seis en representación das asociacións profesionais de persoas traballadoras autónomas e seis das organizacións sindicais e empresariais galegas.

A través deste consello, o Goberno galego coñecerá de primeira man as inquedanzas, opinións e suxestións das asociacións profesionais que representan á gran maioría do traballadores autónomos xa que estarán representadas nel as seis asociacións máis representativas.

A creación do Consello outorga ás asociacións profesionais representativas unha posición xurídica singular para actuar en representación das persoas traballadoras autónomas fronte ao Goberno galego.

Esta norma inscríbese na importante aposta do Goberno galego polos traballadores autónomos e constituirá a última norma para pechar o desenvolvemento da Lei do Estatuto de traballo autónomo de Galicia.

Esta iniciativa inscríbese, polo tanto, no compromiso da Xunta por fomentar o traballo dos autónomos e emprendedores. Deste xeito, os orzamentos para 2013 reforzan este eido, destinando máis de 25 millóns de euros, un un por cento máis que en 2012. Ao longo da pasada lexislatura, investíronse nesta área máis de 122 millóns de euros, que beneficiaron a máis de 18.000 autónomos e emprendedores.

O Goberno galego considera que o labor dos traballadores por conta propia constitúe un motor básico para a dinamización da economía galega e para a creación de emprego. De feito, a experiencia está a demostrar que o emprendemento, xunto coa economía social, seguen a ser as fórmulas que maior resistencia están a demostrar ante a crise.

A XUNTA CEDERÁ GRATUÍTAMENTE AO CONCELLO DE OURENSE TRES PARCELAS NA ZONA DAS BURGAS UNHA VEZ REMATADA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS, EN QUE SE INVESTIRON 1,3 MILLÓNS DE EUROS

- *Trátase de menos de 1.000 metros cadrados segregados dos números 8, 10 e 12 da rúa do Vilar, onde o IGVS rehabilitou dez vivendas e os baixos*
- *As vivendas rehabilitadas foron entregadas aos adxudicatarios en marzo de 2011 e os locais tamén se cederon gratuitamente ao concello*
- *Esta decisión enmárcase no compromiso da Xunta de colaborar co Concello no desenvolvemento ordenado desta zona histórica da cidade de Ourense, que tivo reflexo o ano pasado na autorización do Plan especial das Burgas*

Segundo aprobou hoxe o Consello da Xunta, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) cederá de forma gratuíta ao Concello de Ourense tres parcelas na zona das Burgas, segregadas dos solos en que se localizan as vivendas rehabilitadas polo IGVS nos números 8, 10 e 12 da rúa do Vilar.

As parcelas que se ceden ao Concello teñen a cualificación urbanística de solo urbano consolidado, zona verde, espazo libre, dotacional sociocultural de sistema xeral.

A cesión prodúcese no marco do convenio entre o Concello e o IGVS polo que a Administración municipal adquiriu as citadas construcións da rúa do Vilar e as súas antigas hortas para cedelas ao IGVS, que se encargou da rehabilitación dos edificios.

Un investimento de máis de 1,3 millóns de euros por parte do IGVS permitiu obter 10 vivendas rehabilitadas, que foron entregadas aos seus adxudicatarios en marzo de 2011. Así mesmo, rehabilitáronse os baixos, que foron cedidos gratuitamente ao Concello. A actuación remata agora coa cesión das parcelas segregadas.

As tres parcelas cedidas teñen unha superficie total de 948 metros cadrados.

Predio	m² que se ceden
Vilar 8	219,17
Vilar 10	701,78
Vilar 12	27,73
Total	948,68

Plan especial das Burgas

Esta decisión enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia de colaborar co Concello no desenvolvemento ordenado desta zona histórica da cidade de Ourense, que tamén tivo reflexo o ano pasado na decisión de autorizar o Plan especial das Burgas incluído na ordenación provisional de Ourense. O obxectivo deste plan promovido polo Concello é mellorar e concretar a rede viaria pública que define o acceso e a comunicación básica dos terreos do ámbito, particularmente a Canella do Castro, a rúa Baixada do Outeiro, a Ponte Fervedoira, a nova pasarela e, se é o caso, o acceso aos establecementos comerciais baixo da Alameda.

Tamén se xustifica no documento o uso das zonas entre a banda de edificación residencial con fronte ás rúas Progreso e Baixada ao Outeiro e a banda de equipamento privado de uso terciario situado dentro e fóra da área de repartición das Burgas.

Ordenación provisional

A ordenación urbanística provisional de Ourense está en vigor desde o mes de outubro de 2011, coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* do Decreto polo que se suspende parcialmente a vixencia do Plan xeral de ordenación urbana do Concello de Ourense nun total de 31 ámbitos e se aproba a ordenación urbanística provisional para as ditas zonas. O planeamento provisional ordenará estes ámbitos ata a entrada en vigor do novo PXOM que está a redactar o Concello.

O obxectivo da Xunta é o de superar o escenario de incerteza na regulamentación urbanística de Ourense, desde o máis estrito respecto á legalidade vixente, o desenvolvemento sustentable do territorio e a cohesión social da poboación. A elaboración e tramitación desta normativa provisional foi un dos froitos acadados no marco das reunións de traballo establecidas entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense para ordenar e regularizar 31 ámbitos en que concorre un especial interese xeral polo seu carácter dotacional público ou pola súa inclusión nun plan estratéxico municipal, así como porque contan coa aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento, xestión e urbanización.

GALICIA CONTARÁ CON INVESTIMENTOS SUPERIORES AOS 700 MILLÓNS DE EUROS PARA A MELLORA DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA

- ***O Goberno galego aproba por vez primeira os plans de investimento das distribuidoras de enerxía eléctrica ata o ano 2015***
- ***Incrementaranse as infraestruturas e a calidade do abastecemento, planificando o desenvolvemento da rede de distribución eléctrica***
- ***Garántense os dereitos dos consumidores, que non terán que pagar o dereito de acometida daquelas infraestruturas orixinadas polo crecemento vexetativo***

A Consellería de Economía e Industria informou hoxe no Consello da Xunta dos Plans de Investimento das distribuidoras de enerxía eléctrica ata o ano 2015. Trátase da primeira vez que Galicia aproba estes plans, que suporán para a Comunidade un investimento de máis de 700 millóns de euros, permitindo a planificación e o desenvolvemento das infraestruturas eléctricas de distribución.

Estes plans de investimento, que se publican hoxe no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), teñen por obxectivo seleccionar os proxectos necesarios para atender a previsión de demanda, asegurando a subministración aos consumidores existentes e futuros ao mínimo custo, en condicións axeitadas de calidade e seguridade.

Así mesmo, ademais da importante mobilización de investimentos, os plans garanten a transparencia e defenden os dereitos dos consumidores, tendo que atenderse ao seu contido na resolución de conflitos derivados do dereito de acometida.

Así, non se poderá cobrar a terceiros unha instalación das recollidas no programa sempre que teña a consideración de extensión natural de rede (ENR) e sexa provocada polo crecemento vexetativo da poboación. Deste xeito, o Goberno galego facilita ao cidadán información sobre estas infraestruturas, permitíndolles consultar o seu desenvolvemento. Nos citados plans detállase, con carácter indicativo, as instalacións que son consideradas total ou parcialmente como ENR, e que polo tanto non se poden repercutir nos consumidores ao ter que asumir o seu custo a empresa instaladora.

Dado que estas obras supoñen unha estimación do crecemento da demanda no horizonte do ano 2015, poderán ser actualizadas nos plans de investimento que cada ano se presenten.

O Goberno galego mantén a súa aposta pola mellora da calidade da subministración eléctrica, que se sitúa por enriba da media nacional, complementando os investimentos das empresas distribuidoras co desenvolvemento de distintos plans de calidade. Estas actuacións lévanse a cabo a través de convenios de colaboración coas empresas, así como coas ordes de axuda destinadas aos concellos para o soterramento de infraestruturas eléctricas e outro tipo de actuacións puntuais.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE PORÁ EN MARCHA UN PROGRAMA DE DETECCIÓN PRECOZ DE CANCRO COLORRECTAL

- ***50.000 galegos beneficiaranse nos próximos dous anos desta iniciativa, que se porá en marcha este mes***
- ***Iniciarase de xeito piloto na área de Ferrol***

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe coñeceu un informe da Consellería de Sanidade en que se recolle que o departamento que dirixe Rocío Mosquera Álvarez vai poñer en marcha un programa galego de detección precoz de cancro colorrectal, que comezará cunha pilotaxe na Área de Xestión Integrada de Ferrol.

Cómpre sinalar que o cancro colorrectal é o tumor maligno máis frecuente no conxunto da poboación de homes e mulleres na Unión Europea, é a segunda causa de morte por cancro tanto en homes como mulleres, e constitúe a quinta causa de mortalidade en Galicia.

Así, grazas a este proxecto piloto, nos próximos dous anos beneficiaranse arredor de 50.000 galegos da detección precoz deste cancro, cunha diminución estimada da mortalidade por esta doenza do 35%.

Seguindo as recomendacións da estratexia en cancro do Sistema Nacional de Saúde, esta iniciativa da Consellería de Sanidade está dirixida ás persoas de risco medio de padecer cancro colorrectal.

Esta iniciativa súmase aos programas de cribaxe que a Consellería de Sanidade está xa a desenvolver, como o Programa de detección de cancro de mama, o de detección de hipoacusia neonatal e o de cribaxe neonatal de trastornos endócrinos e metabólicos.

SANIDADE CONSOLIDA O COMPROMISO DE QUE OS PACIENTES MÁIS GRAVES AGARDEN MENOS DE 30 DIAS

- *Respecto da área de atención ambulatoria en decembro de 2012, hai 34.904 pacientes menos esperando por unha primeira consulta en comparación con 2011*
- *Tamén cae en máis de dez días a demora en consultas externas*
- *O rendemento cirúrxico nos hospitais do Servizo Galego de Saúde consolida a tendencia crecente cun 25% máis que a realizada en 2008*
- *Todos estes datos son posibles grazas ao esforzo continuado de todos os profesionais*

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde continúan garantindo o compromiso asumido de atender as prioridades máis graves (prioridade 1) por debaixo dos 30 días e as patoloxías graves arredor dos 60 días.

Os profesionais da sanidade galega melloraron os datos de espera das patoloxías máis graves. A espera é de 17,2 días en todos os centros sanitarios e a cifra é de 16 días en centros do Servizo Galego de Saúde. Consolidamos o compromiso de que os pacientes máis graves agarden menos de 30 días. Hoxe, este tipo de pacientes, espera 23 días menos que en 2009.

Todos estes datos son posibles grazas ao esforzo continuado e coordinado de todos os profesionais e dunha estratexia de diferentes accións encamiñadas a mellorar a atención en tempo e xestionar segundo criterios homoxéneos con base na gravidade do paciente, na capacidade de resolución da intervención e tamén en criterios sociais.

No tocante aos pacientes con patoloxías de prioridade 2 (patoloxías graves), o tempo medio de espera sitúase en 58,1 días. A espera media para este tipo de pacientes é un 27% menor que a media de 2008.

Con respecto do tempo medio de espera para as primeiras consultas de enfermidade sitúase en 55,4 días, é dicir, 10,4 días menos que no ano anterior.

O rendemento cirúrxico en 31 de decembro de 2012 continúa en tendencia crecente, sendo xa un 25% máis que a que o Servizo Galego de Saúde realizaba no ano 2008.

19% de pacientes menos esperando a primeira consulta

En 31 de decembro de 2012, hai un total de 34.904 pacientes menos esperando por unha primeira consulta en atención hospitalaria con respecto do ano anterior, isto é, un 19% menos.

O aumento da capacidade resolutiva da atención primaria e o esforzo realizado por Sanidade na xestión integrada están a facer posible esta diminución, xa que actuacións deste tipo tradúcense nunha diminución das derivacións feitas e a atención compartida dos pacientes polos profesionais de ambos os niveis asistenciais.

Tamén o uso da historia clínica electrónica única e compartida, IANUS como elemento vertebrador da asistencia, e a incorporación das TIC en xeral na atención aos pacientes e na relación entre os profesionais, son outras das actuacións que están a permitir mellorar en tempo e forma a asistencia sanitaria prestada polo Servizo Galego de Saúde a todos os galegos e galegas.